



ANUNCIO

Con esta data o Sr. Alcalde ditou resolución do seguinte teor literal:

"RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

CONVOCATORIA DA MESA DE CONTRATACIÓN DA OBRA "SINALIZACIÓN DAS PARROQUIAS DE TUI E OS SEUS LUGARES".

Realizada apertura pola Mesa de Contratación con data 24/11/2017 do sobre nº 2 "**Criterios cuantificables de forma automática**" e efectuado requirimento ás empresas que incorren en baixa anormal ou desproporcional aos efectos de que xustifique a súa valoración.

Visto que o prazo de presentación da documentación requirida remata o vindeiro día 1 de decembro, e que se debe proceder á convocatoria da Mesa de Contratación aos efectos de análise da documentación presentada e informe que se emita a este respecto polo técnico municipal.

Esta Alcaldía, dada a urxencia de adxudicación do referido contrato, e para continuar coa tramitación do expediente, no uso das competencias que me confire a lexislación vixente, RESOLVE:

PRIMEIRO.- Convocar á Mesa de Contratación da licitación "Sinalización das parroquias de Tui e os seus lugares para o vindeiro, **luns, día 4 de decembro de 2017, ás 14,00 horas na Sala de Concelleiros do concello,** a efectos de:

1º.- Posta en coñecemento do informe emitido polo técnico municipal sobre a documentación presentada polas empresas que incorren en baixa temeraria e que atenderon ao requirimento.

2º.- Acordo da Mesa de Contratación de admisión de propostas económicas presentadas, outorgamento de puntuacións e proposta ao órgano de contratación de oferta económica máis vantaxosa.

SEGUNDO.- Facer pública a presente convocatoria mediante a súa publicación no Taboleiro de anuncios do Concello e no perfil do contratante.

TERCEIRO.- Dar traslado da presente Resolución de Alcaldía aos membros da Mesa de Contratación designados, ós Departamentos de Secretaría e Intervención e ó Pleno Corporativo na vindeira sesión que se celebre."

O que se publica para coñecemento e efectos.
Tui, o alcalde, Carlos Vázquez Padín.
Documento asinado dixitalmente á marxe.